# Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 100

*Edición Especial*



# Cen meses de información e compromiso coa Terra de Melide

**Premio á Defensa do Idioma 2014**

**25 *Aniversario de Asetem***

CentroComercialAberto

CCA

ASETEM



# SONIA VALIÑO VÁZQUEZ

## Presidenta de Asetem-Cca

**- Asetem cumpre 25 anos. Como evolucionou a asociación ao longo de todo este tempo?**
Durante estes 25 anos Asetem conseguiu consolidarse entre a sociedade como entidade activa que traballa en prol dos intereses da zona. Creouse unha "marca Asetem" que a día de hoxe se asocia a valores como o carácter emprendedor, a independencia e a loita por defender o propio. Non obstante, foise diluíndo co paso do tempo ese carácter reivindicativo e de contrapoder que se lle atribuíu nas etapas iniciais e que moita xente bota de menos. O presente de Asetem pasa por unha liña máis centrada na promoción do comercio e da empresa.

**- Cales son os servizos máis demandados a día de hoxe?**
No que se refire ao sector empresarial, o asesoramento sobre temas fiscais, laborais e xurídicos, así como información sobre os cambios xurídicos que se producen. Se falamos do sector comercial, os servizos máis demandados son os que contribúen a crear unha imaxe uniforme e unha marca baixo o paraugas do Centro Comercial Aberto: campañas que promocionen o comercio local e atraian clientela.

**- Como afrontan o futuro?**
Un dos obxectivos primordiais ha de ser sempre a continuidade da propia asociación, tarefa non sempre doada. Aínda que iso implique facer renuncias puntuais, aínda que obrigue a baixar o ritmo, concentrará os máximos esforzos en todo momento. Só estando presentes se lle pode dar presenza aos socios e socias e facer valer ese lema que acompañou a Asetem dende os inicios pero que segue a ser un lema de futuro: "faite oír coa nosa voz".

**- Que proxectos concretos prevén desenvolver?**
Seguiremos traballando na creación dunha imaxe comercial unificada; trataremos de establecer un calendario fixo de actuacións (ben sexan campañas, promocións ou eventos) baseadas nos atractivos de Melide e consolidadas no tempo. Por outra banda, implicarémonos en proxectos de innovación útiles para as pemes e os autónomos. Tamén lle daremos prioridade a cursos relacionados coas redes sociais, a venda on line e o uso de internet a nivel comercial.

**- Ademais dos 25 anos de Asetem, celebran tamén os 100 números do xornal Cerne.**
Si, estamos de noraboa por partida dobre. Para todas as persoas que formamos Asetem, é unha gran satisfacción ver como se consolidou un proxecto polo que tanto loitamos e saber que é tan valorado e querido pola xente. O xornal Cerne é o noso neno mimado, por así dicilo. Hoxe en día xa non se entendería Asetem sen el. Agardamos que siga por moitos anos.

# *Cen Cernes*

### Xunta Directiva de Asetem-Cca

*Os membros da Xunta Directiva de Asetem-Cca queremos que estas liñas sexan a mostra do máis sincero agradecemento a todas as persoas que dende o primeiro día de vida do Cerne ata hoxe fixeron posible que o xornal da Terra de Melide chegase a onde chegou e sexa o que é: un medio de comunicación independente e plural, veraz nas súas informacións, que dende a humildade non pretende máis ca ser espello e reflexo dunha sociedade activa e rica en valores como é a melidense.*

*Agradecemos en primeiro lugar a coraxe das persoas que no ano 2004 viron a necesidade dun proxecto coma este e o puxeron en marcha a pesar das dificultades, de experiencias anteriores fracasadas e do recelo de quen vía no xornal unha arma de confrontación e non un medio para construír Melide e comarca. O agradecemento faise extensible á xente que creu firmemente na utilidade do xornal e o apoiou nos momentos complicados. Aí estiveron sempre os socios e socias de Asetem, para quen queremos ter unha mención especial, porque sen a súa contribución o xornal non existiría. En definitiva, queremos dar as grazas a todas as persoas que puxeron o seu gran de area, dende os redactores ata os anunciantes e os colaboradores, para que o Cerne saíse á rúa cada mes.*

*Por suposto, non queremos esquecernos dos lectores e lectoras que, coa súa fidelidade, fixeron que o Cerne sexa "un melidense máis". Este era un dos obxectivos que se recollían no editorial do primeiro número. Agora, 100 xornais e 10 anos despois, podemos dicir con orgullo que ese propósito se conseguiu: a veciñanza sente o Cerne como algo propio, útil e necesario. Esa é a maior satisfacción.*

*Consolidado o proxecto e superadas as amezas que o puxeron en perigo, a loita continúa: non xa para manter o Cerne con vida, senón para facelo cada día máis grande. A Terra de Melide meréceo.*

# O Xornal Cerne, premio á Defensa do Idioma

## *A entrega do galardón realizarase o vindeiro o 24 de maio na Casa da Cultura*

O Servizo de Normalización Lingüística Terra de Melide (SNL) acordou distinguir ao Xornal Cerne co terceiro Premio á Defensa do Idioma. A noticia chega nun momento doce para o periódico de Asetem; xusto cando celebra a publicación do seu número 100 e a piques de cumprir dez anos informando aos empresarios e veciños da comarca. Con este galardón o SNL recoñece a contribución do Cerne na normalización do idioma na comarca ao tempo que pon de relevo o compromiso que sempre demostrou Asetem co galego. A entrega do premio realizarase o vindeiro sábado 24 de maio ás 19:30 horas na Casa da cultura e contará coa presenza dos alcaldes da comarca, a presidenta de Asetem e o presidente do SNL. O acto, ao que está convidada a veciñanza, contará tamén coa participación de músicos do conservatorio e alumnos do IES, que poñerán melodía e voz aos poemas de Xosé María Díaz Castro, escritor homenaxeado no Día das Letras.

**O Cerne na escola. Nº 26, abril 2007**





ASETEM

Cerne

Terra de Melide

NOS TAMEN LEMOS!

Polo fomento da lectura en galego

# *Amor polo idioma*

**Xunta Directiva de Asetem-Cca**

*Quéreselle a un idioma cando se sente como parte indivisible dun mesmo, cando se confía na súa utilidade, cando se emprega sen condicionantes (e sen complexos), cando se elixe como compañeiro de viaxe e compañeiro de vida. Mire por onde se mire, non hai dúbida de que Asetem lle quere ao idioma.*

*O galego é a lingua na que naceu e medrou esta asociación, a ferramenta que se empregou para construíla aos poucos; chegando a acordos, convencendo aos novos socios para sermos cada día máis, debatendo nas reunións, redactando e asinando actas e convenios, comunicando a través de campañas, organizando eventos, cursos e conferencias. A historia de Asetem, que estes días recordamos e conmemoramos co gallo do noso 25º aniversario, escribiuse en galego.*

*Nese traballo diario foise forxando dun xeito case inconsciente, pero totalmente xenuíno, o compromiso co idioma, que tivo a súa máxima expresión coa creación hai dez anos do xornal Cerne e coa aposta polo galego como vehículo de expresión das inquietudes do empresariado. Unha década máis tarde, o Cerne, convertido nunha das sinais de identidade de Asetem e da propia Terra de Melide, é tamén un exemplo de aposta polo galego, cuxa presenza nas páxinas do xornal non obedece á necesidade de xustificar o cobro de subvencións. Obedece única e exclusivamente ao uso do idioma con normalidade e á lóxica de contar o que lle acontece aos veciños empregando a lingua que eles mesmos usan. Nin máis, nin menos.*

*Con todo, o que debe ser normal convértese ás veces en excepcional. O Cerne vai camiño de ser un xornal atípico polo uso do galego en exclusiva e iso, entre outros motivos, xustifica que o Servizo de Normalización Lingüística da Terra de Melide veña de concedernos o Premio á Defensa do Idioma, un recoñecemento que agradecemos fondamente e que contribuirá a que reforcemos aínda máis o noso compromiso co galego de aquí en adiante.*

*Seguirá sendo o noso compañeiro de viaxe, seguiremos confiando na súa utilidade e empregarémolo sen condicionantes nin complexos. Seguirá formando parte de nós. En definitiva, seguirémolo querendo, porque quererlle a un idioma é a mellor maneira de defendelo.*

# Camino de Santiago

Imprescindibles del peregrino en Melide

Melide, where you will find everything you need



Capela de San Roque




Telf: 981 50 90 18
Rúa San Antonio, 3 - MELIDE



Praza do Convento




CAFETERÍA Y CHURRERÍA

DESAYUNOS, CHURROS BOCADILLOS

Desde las 6 a.m.

Cátedra, 1
MELIDE







CAMIÑO VELLO DE SANTIAGO 2 - MELIDE - A CORUÑA
TEL.: 981 507 347 / 605 88 32 68
garnachamelide@gmail.com

Xamonería Garceiras



Especialidad en:

* TOSTAS desde 3,80 €, 14 variedades
* TORTILLAS desde 4,20 €, 11 variedades
* SARTENADAS 4 €, 10 variedades

Además... tablas de ibéricos, ensaladas, raxo con patatas

Tel: 881 95 70 74
C/ Gaiteiros Os Garceiras, nº1
A 25 mts. del parque Cantón de San Roque

PEDIDOS PARA LLEVAR

Chiquitín

* Almorzos
* Menú do día
* Especialidade en pulpo e carnes galegas
* Habitacións
* Terrazas

Tfno.: 981 815 333 - Fax.: 981 507 560
Rúa San Antón, 18 - 15800 MELIDE
www.pousadachiquitin.es - info@pousadachiquitin.es




Cantón de San Roque, 40 - MELIDE Tlf: 981 507 344

# Reflexións de puño e letra

Os seus textos son refachos de aire fresco, pequenos currunchos de ideas e opinións con criterio. A sección de colaboradores estivo presente no Cerne dende o seu primeiro número e por ela foron pasando ducias de persoas da comarca que nos achegaron a realidades moi variadas, dende as máis locais ás máis universais. Nesta edición especial as reflexións do seu puño e letra salpicarán as páxinas do Cerne para valorar o xornal dende o que enriqueceron o noso espírito mes tras mes, palabra tras palabra.



## *Un cento de pementos*



Marcus Fernández
webmaster de Código Cero

*Nun momento no que a información chega de xeito instantáneo aos nosos petos a través de guasaps e aplicacións sociais de distinta índole, parece ridículo pensar que hai espazo para os medios impresos, pero a realidade demóstranos que aínda existe unha grande masa de poboación que non está hiperconectada, e que non todos os contidos son aptos para o seu consumo rápido, senón que precisan de certo repouso, como os xantares copiosos. Dese xeito vemos como pouco a pouco imos elaborando unha dieta informativa na que mesturamos comunicacións persoais, contidos compartidos polos nosos amigos e coñecidos, material distribuído por medios de comunicación por canles electrónicas e logo, o papel, ese anaco de celulosa no que podemos fixar imaxes e palabras para que non as leven nin o vento nin os fluxos de datos, que é todo un paradoxo en si mesmo, pois sustenta un medio de comunicación moi doado de consumir, pero moi complicado de producir, deixando a súa explotación principalmente a grandes cabeceiras de prensa.*

*Precisamente o lugar da prensa profesional, que tanto ben fixo pola nosa sociedade, adoece dunha grande eiva: o carácter local. Lembro como de mozo lía todas as mañás, durante o almorzo, La Voz de Galicia, buscando sempre se había algunha nova de Melide, o que rara vez pasaba. Existe unha grande demanda de información local, pero moi pouca oferta da mesma, o que a diversidade de medios non parece solucionar, pois ao partirmos dunha produción complexa, atender unha demanda fragmentada non resulta rendible economicamente. Así xorden publicacións con outros caracteres, que non perseguen o lucro, como pode ser a revista do Instituto (a sempre ben lembrada Intres), os boletíns do Museo, e máis recentemente, o xornal da Terra de Melide, Cerne, que contribúen a unha dieta informativa máis rica, máis saborosa… ¡da casa!*

*Grazas aos esforzos dalgúns veciños, cando botamos a man ao revisteiro, xa non temos só para ollar un xornal autonómico no que falan da nosa vila un par de veces á semana, senón que podemos consultar o que aconteceu nas últimas semanas preto de nós. Moitas das cousas que as páxinas de Cerne recollen non as teriamos coñecido doutro xeito, e por iso non podo máis que agradecer que chegasen a un cento de edicións, aínda que unhas piquen e outras non.*

## *A noticia está aquí*

Vanessa Martínez Iglesias
xornalista



*Dicía un señor chamado Kapuscinski, mestre do xornalismo mundial, que "para exercer o xornalismo, ante todo, hai que ser boa persoa, bos seres humanos, porque se se é boa persoa pódese tentar comprender aos demais, as súas intencións, a súas dificultades, as súas traxedias". O Cerne foi durante a súa traxectoria unha escola viva de xornalismo, pero á marxe do profesional concreto que lle deu e dá forma en cada etapa, o xornal en si é o froito da idea constante e pertinaz dun equipo humano caracterizado pola empatía coas terras e as xentes que o len.*

*Esa empatía é unha realidade en xestos sinxelos e inconscientes, como o é escoitar a calquera veciño oír que leu algo "no periódico". Ese periódico é sempre o Cerne, porque fala das ducias de cousas pequenas que compoñen o noso mundo grande, das xentes que vemos cada día e que, á fin, conxugan as pezas da nosa realidade, da que nos interesa.*

*Nun mundo coma este, rexido polas grandes cifras e conceptos macroeconómicos dos que todo o mundo falamos coma se entenderamos, onde parece que a realidade a marcan os xornais e os titulares da televisión, a frescura dun xornal que trate das cousas e das xentes coas que convivimos, as que realmente nos afectan –contadas dende o corazón do día a día-, é ademais dunha ferramenta útil á democracia diaria, doméstica, unha ferramenta útil para a convivencia dunha comarca coma a da Terra de Melide.*

*A través das páxinas do Cerne toma pleno sentido a lei que ensinan nas facultades de xornalismo, e que di que a importancia dun suceso diminúe coa distancia do lugar no que se produciu. Razón demais para valorar que cada número do Cerne dende o corazón mesmo da nosa realidade. Agora somos nós os que debemos darlle a importancia que ten, e valorar un proxecto que ten as súas patas asentadas no día a día de todos e cada un de nós. Mágoa que ás veces temos tan preto de nós as cousas boas e teñen que faltarnos para botalas de menos.*

# *CERNE. 100 números de ilusión*



Santiago Prado Conde “Chago”
Antropólogo

*Vinte e cinco anos dando que falar son tempo abondo para escribir unha pequena historia de calquera persoa, institución ou entidade. Se a isto lle sumamos que nos tempos que corren se é quen de manter unha publicación que acada o número cen, pois non queda outra que enviar os máis sinceros agradecementos e parabéns á asociación de empresarios Terra de Melide (ASETEM) pola súa traxectoria.*

*Corría o mes de decembro do ano 2004 cando viu a luz o primeiro Cerne. Na editorial daquel primeiro número incluíase un saúdo da directiva da asociación que facía fincapé en que o Cerne tería que aprender a ser un melidense máis. Despois de case dez anos e con cen números ás costas, podemos afirmar que a aprendizaxe foi moi positiva e, incluso, podemos cualificala de sobresaínte.*

*O Cerne naceu afastándose do típico boletín de asociación para construírse dende o seu comezo como un xornal e, finalmente, transformarse nun motor da información comarcal e, principalmente, da vila que exerce de capital. O Cerne, como calquera publicación -máis aínda se pensamos nos xornais que pecharon nos últimos anos- foi quen de ir facendo camiño pouco a pouco. Os atrancos foron sorteándose con esforzo, mais non esmoreceu, e hoxe é xa un referente. Ademais, é de xustiza lembrar que o Cerne é de balde e isto, na actualidade, é un valor engadido moi a ter en conta e digno de mención polo esforzo que supón.*

*Podo dicirlles, prezadas e prezados lectores, que mes a mes espero o xornal con motivación e ilusión para coñecer as novas comarcais e as andainas dos acontecementos. As novas entrevistas e o gozo que me supón coñecer, en voz propia, as inquedanzas das veciñas e veciños é un estímulo para que chegue o vindeiro mes.*

*Pola parte que me toca, debo agradecer que contaran con este servidor para introducir as súas cavilacións no apartado de colaboracións. Xa van catro anos e podo expresar que é un pracer compartir coas veciñas e veciños as inquedanzas e reflexións das que o único responsable son eu mesmo. Tamén neste apartado de colaboracións quero enviar un afectuoso saúdo aos colegas que participaron e participan, posto que sempre son un azo de novas reflexións e coñecementos.*

> Cerne converteuse nun motor da información comarcal e foi quen de ir facendo camiño pouco a pouco; hoxe é xa un referente

*Quero tamén destacar a aquelas persoas ás que a miúdo esquecemos, os que lle dan vida ás palabras; os xornalistas. Trasládolles o meu sincero recoñecemento pola súa profesionalidade, por ser quen de achegarnos un xornalismo de calidade e por supor un dos alicerces do éxito desta publicación. Envío dende aquí un agarimoso saúdo a aquelas dúas persoas coas que coincidín nestes catros anos, Tamara e Iván. Moi agradecido por facernos gozar coa lectura das noticias, que non é doado.*

*Por último, non podo máis que volver a enviar os meus parabéns a todas as persoas que foron quen de manter ASETEM e, principalmente, os esforzos porque o Cerne continúe entre nós. Voto por, como mínimo, 25 anos e 100 números máis de ilusión.*

# *Dez anos de Cerne*



César Camoira Vega
Filólogo

*Co subtítulo "O xornal da Terra de Melide" apareceu no mes de decembro de 2004. Supuxo a continuación d'O Melidao, proxecto privado que non chegou a callar por problemas económicos. Ante a demanda da cidadanía, a directiva da Asociación de Empresarios da Terra de Melide retomou a devandita idea para ser "testemuño escrito do día a día dos melidenses e, por suposto, un medio de comunicación profesional da Terra de Melide". Pola súa banda, as tarefas de coordinación e redacción corren a cargo de Iván Gómez Blanco.*

*Imprimiuse no obradoiro Artes Gráficas La Capital e actualmente no de Publicaciones Tameiga, agás dous ou tres números que non viron a luz por vicisitudes administrativas. Presenta un formato de 38 x 28'4 cm con abondosas fotografías. Este deseño só se modifica con anuncios e diversos cadros ilustrativos. Consta dun número variable de páxinas, dende as 24 e 32 ata as 16 e 20, indicadas correlativamente e con caracteres arábigos. Na páxina web www.asetem.com pódese consulta–la xeira íntegra.*

*O molde único rexistra dúas características. Dunha parte, a cabeceira leva as cores corporativas tanto no logotipo da ASETEM como no nome do medio. Doutra parte, na segunda páxina insire un cadro cos datos da dirección, redacción, enderezo e impresión. A propósito da subsistencia económica, cómpre sinala–la colaboración empresarial e da publicidade variada, confeccionada cun deseño específico.*

*Trátase dunha publicación informativa sobre Melide e a bisbarra que acolle aspectos variados (antropoloxía, deporte, economía, novas tecnoloxías, etc.. Malia se redactar maioritariamente en galego, detéctase algunha achega en castelán, pois existe liberdade de escolla. A maqueta organízase con diversas seccións (Editorial, Empresa, Melide, Comarca, Cultura e lecer, Colaboracións e Entrevista) a cinco columnas, separadas con liñas no caso de conteren noticias diferentes.*

*Entre o repertorio de colaboradores figuran David Barrio, Xosé Domingos Fuciños, Xosé Núñez López, Xabier Pazo Blanco, Santiago Prado Conde, Rafael Rodríguez Gaioso e Daniel Roibás. Tamén recibiu achegas da Asociación Enfócame e a Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Mesmo inclúe textos literarios baixo pseudónimos e iniciais, como o relato de A. C. M. "Os olliños do avó".*

DiSGA MOBLE





VACIAMOS TODA NUESTRA EXPOSICIÓN

2.500 $M^2$ de DORMITORIOS, COMEDORES, SOFÁS Y TODO TIPO DE MUEBLES



40% 50% y 60% Descuentos en todos los productos



Y muy pronto, la mayor área de descanso de Galicia

CARRETERA MELIDE - TOQUES, KM. 8
15.806 TOQUES (A CORUÑA)

# Un bardo no corazón de Galicia



Cerne é o xornal, cerne é Melide situado no centro de Galicia, cerne é a parte fundamental de algo, cerne é o corazón. Aí, no cerne do Cerne, está a vila sobre a que tantas páxinas se teñen escrito neste xornal dende o máximo coñecemento dos escenarios, a máxima proximidade cos protagonistas e a mellor das intencións. A intención de servizo público, de contar o que outros medios non contan, de dar voz á veciñanza, de ser o humilde cronista dun pobo xerador de vida e futuro.



## As obras na Capela de San Roque descobren restos arquitectónicos e pictóricos

Descubertas. CERNE 9, agosto 2005



## Estúdase a viabilidade de pór semáforos nos principais cruces

O goberno local respondeu así a unha proposta dos socialistas, que ven necesaria a instalación destes sinais no cruce coa estrada de Toques.

Semáforos. CERNE 10, outubro 2005



## Melide conta cun velorio municipal

En funcionamento desde o mes de marzo

Redacción
Melide

O domingo 13 de marzo dábase contestación definitiva a unha vella demanda da vecindade melidense e, polo tanto, dos concelleiros da corporación municipal: a de instalar un velorio público na vila.

O diñeiro do Plan de Obras e Servizos (POS) de 2004, achegado pola Deputación de A Coruña investiuse no acondicionamento dun dos baixos municipais, na rúa Alhóndiga, para dar este servizo ás familias que, desgraciadamente, teñan un defunto que velar. Foi un orzamento total de 167.812 euros que serviron para dotar, a unha superficie total de 203 m², de dúas áreas abertas ao público, un recibidor, a entrada para o servizo, dous aseos e un cuarto de máquinas.

Este proxecto aprobárase xa en novembro de 2003, cos votos a favor do goberno local encabezado entón por Miguel Pampín, e do PSOE, e coa abstención do BNG que, ainda que crían necesaria a instalación dun velorio, non consideraron adecuada a súa ubicación, por ser unha zona habilitada para o mercado dos domingos e na que o tráfico de vehículos resulta algo complicado.

Sen embargo, o velorio instalouse finalmente no lugar proposto polo goberno de Pampín e presta servizo aos veciños que o requiran desde o 13 de marzo, día no que numerosos veciños acompañaron ás autoridades municipais na inauguración.

Velorio novo. CERNE 9, agosto 2005



## Melide terá pronto Rexistro de Parellas de Feito

### Requisitos para a inscrición

Avances. CERNE 5, abril 2005

## *CERNE e o pobo de Melide*



Rafael R. Gaioso
Enxeñeiro informático

*Desta volta, vou escribir estas liñas como melidao, e como antigo membro da directiva de Asetem, para deste xeito poder celebrar o número 100 de CERNE.*

*Cando me toca falar do meu pobo natal, a xente que non o coñece soe sorprenderse de que con tan pouca poboación sexamos tan activos e contemos con entidades de tanto valor como unha asociación de empresarios capaz de manter unha publicación propia.*

*Se a isto lle sumamos que o CERNE acada o seu número 100, podemos presumir dun éxito colectivo de moita xente que ten colaborado e participado na redacción, difusión, patrocinio, e promoción deste xornal. Non é a primeira vez que se tenta levar a cabo un proxecto similar en Melide, pero desta volta parece que se atopou a fórmula para conseguir a súa permanencia nas rúas, casas e comercios do noso pobo.*

*Os tempos que nos toca vivir están dominados por tecnoloxías que nos permiten levar nos nosos petos máquinas moi potentes, e que son capaces de manternos informados do que acontece ao noso arredor. E a pesar diso, seguimos consumindo contidos en papel, e con esa calma que precisa unha lectura cómoda nos nosos sofás, ou mesmo nunha cafetería, ao igual que o facemos con outros medios máis maioritarios, e con maior difusión. Pero o CERNE achéganos caras coñecidas e historias de xente da nosa comarca, e fai que vivamos dun xeito diferente os acontecementos que nos rodean.*

*Non quero esquecer o papel que xoga CERNE como promotor da nosa lingua, e da súa axuda a dinamizar e normalizar o seu uso en medios escritos. Parabéns no meu nome, e no do colectivo que represento, Melisa, para todas as persoas que están detrás de CERNE, e agardo poder seguir colaborando outros 100 números.*



Especial Eleccións Municipais 2007: Melide

Un pacto de BNG e PSOE apartará ao PP do goberno logo de 16 anos no poder

O Cambio. CERNE 28, xuño 2007



O mundo da literatura recala en Melide coa celebración da súa primeira Feira do Libro

Feira do libro. CERNE 40, xullo 2008



O parque da Avenida de Compostela está abandonado

Redacción
Melide

O BNG reclama que se mellore o estado do parque da avenida de Compostela, a carón do instituto. Foi construído en 1999 cun investimento de 23.400 euros. "A zona presenta un lamentable aspecto posto que xa non hai nin rastro dos bancos nin das papeleiras e vese simplemente unha parcela totalmente abandonada e baleira", afirman.

O BNG pedirá información sobre o custe do parque

Infraestruturas. CERNE 12, xaneiro 2006



Vinte familias melidenses xa gozan das novas vivendas de promoción pública

Vivendas públicas. CE33, decembro 2007



Melide será o primeiro concello da provincia da Coruña que contará cun centro de discapacitados intelectuais

*O Director xeral de acción social visitou in situ os terreos nos que se construirá esta instalación e que comezará o seu funcionamento no ano 2010*

Proxectos que seguen agardando. CERNE 42, outubro 2008



Cinco pequenos saharauis xa están en Melide coas súas familias de adopción

Os cinco nenos coas familias que os acolleu e varios membros do goberno local

Nen@s saharauís. CERNE 55, xullo 2010



Eliminase do rueiro local os últimos nomes que evocaban á ditadura

*As rúas General Franco e a de Calvo Sotelo chamaranse de Convento e Mateo Segade Bugueiro*

CERNE 38, maio 2008



Os peregrinos estrean en Melide o albergue máis moderno do Camiño

É o edificio con maior capacidade na ruta francesa

Varios peregrinos ás portas do novo albergue

O albergue.CERNE 56, agosto 2010



Os problemas na cuberta poderían obrigar ao peche da piscina

As melloras en Furelos coparán o Plan de Turismo

A voltas coa piscina. CERNE 22, nov. 2006

# ATLÉTICO MELIDE

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA
E EXTRAORDINARIA

XOVES 29 DE MAIO

21:00 horas - 1ª convocatoria
21:30 horas - 2ª convocatoria

LUGAR: CERVEXERÍA OROIS
(Planta baixa)

UDIAL

FACEVA ARZÚA, S.L.

Pol. A Madanela 23
15800 Melide (A CORUÑA)

Telf.: 981 50 13 57
Fax.: 981 50 13 59
Móvil.: 646 42 59 99

cesareoiglesiasgomez@yahoo.es

IRIS

TINTORERÍA
LAVANDERÍA

- Limpieza en seco
- Ropa, Piel, Napa, Ante
- Cortinas - Edredones - Alfombras, etc.
- Atención hostelería

Tfno.: 981 507 806
Emilia Pardo Bazán, 11 - 15800 MELIDE (A Coruña)

CAFETERIA * PIZZERIA
J.A.
RESTAURANTE

Especialidad en:
- Pizzas
- Pastas
- Platos combinados

SERVICIO A DOMICILIO

Nuevo Número
Tfno.: 981 81 53 54
Ctra. de Santiago

15.800 MELIDE (A Coruña)

## Os recortes deixan a Policía Local sen reforzos para os meses de verán



Melide conta na actualidade con catro axentes da Policía Local

No día a día. CERNE 78, xullo 2012

## Saen á luz as máis de 1.500 xoias bibliográficas dos padres pasionistas



CERNE 83, decembro 2012

## Ánxeles Vázquez acada a maioría absoluta e pon punto e final a catro anos de goberno progresista



Alcaldesa de novo. CERNE 66, xuño 2011

## Melide convértese no centro das protestas contra a fumigación aérea de eucaliptos



Protestas. CERNE 76, maio 2012

## A Xunta estuda construír un novo centro médico e desbota o proxecto de ampliación

O Concello dispón dunha finca ubicada detrás do actual ambulatorio



Visita do xerente de Atención Primaria ao terreo onde se proxectará o novo centro médico

Novo centro de saúde. CERNE 53, maio 2010

## O goberno local aproba os orzamentos para 2005 co investimento máis baixo dos últimos cinco anos



As contas. CERNE 5, abril 2005

## O temporal Gong desborda o Furelos e arrasa a praia fluvial

Choveu tanto en catro días coma nos meses de setembro e de outubro xuntos







Temporais. CERNE 85, feb 2013

## Melide volve ter Casa da Cultura tras unha década de obras e esperas

O edificio inaugurouse este Nadal con participación de varias formacións artísticas da vila. Falta por rematar a planta superior





O fin. CERNE 96, xaneiro 2014

## Cultura adxudica 100.000 euros máis para as obras do Centro Sociocultural

Dos 390.000 euros previstos para esta actuación, pásase a 490.000

Redacción
Melide

A Consellería de Cultura acordou no Consello da Xunta do pasado 7 de abril a ampliación do investimento para o Auditorio de Melide en 100.000 euros. O departamento rexido por Pérez Varela, que financia integramente a segunda fase desta obra, vai achegar un total de 490.000 euros en catro fases anuais. O pasado exercicio 2004



A obra supón un investimento total de 1 millón de euros

Os comezos. CERNE 5, abril 2005

# Catalizador do movemento cidadán




Na historia recente da comarca, a Plataforma Autovía por Melide representa o mellor exemplo de como a loita veciñal, a unión e a perseveranza poden conducir a grandes logros. Esta iniciativa cidadá, impulsada para achegar a autovía Santiago-Lugo á vila, conseguiu logo de moito esforzo e o único apoio dos veciños, que as altas instancias políticas modificasen o trazado e se garantise deste xeito a proximidade dunha vía de comunicación clave para o desenvolvemento da bisbarra. Foron seis anos de loita (2003 - 2009) non exentos de polémicas nos que o xornal Cerne exerceu como principal medio de información sobre o proceso e de apoio aos intereses da veciñanza.



David Barrio, portavoz da Plataforma Autovía por Melide

## *Seis anos de loita*

*Alá polos primeiros meses do ano 2003 nace a Plataforma Autovía por Melide. O seu obxectivo, ante a desidia do goberno local de Melide, é loitar por que a Autovía Lugo–Santiago, infraestrutura vital para o desenvolvemento económico da comarca, pase preto do noso pobo. Dende o Goberno local estaban máis interesados en alonxala ca en acercala, seguindo os intereses marcados polo goberno autonómico e os concellos do Deza para desprazala pola Agolada. Terminaríamos a nosa andadura en xuño do 2009 despois de conseguir que Fomento cambiara o trazado.*

*Ante a situación que se nos presentaba, os axentes económicos e sociais decidimos agruparnos e constituírnos en Plataforma. Ademais de varias asociacións de carácter social, tamén estiveron presentes no inicio o PSOE de Melide e Toques, a UGT e a Asociación de Empresarios da Terra de Melide , que foi a que dotou de estrutura e puxo os medios materiais e humanos a disposición desta plataforma durante os seus seis anos de vida. O PSOE de Melide e o de Toques, decidiron abandonar a loita despois de botar os tres primeiros anos traballando a reo con nós. Para encubrir a nefasta xestión municipal e neutralizar as nosas lexitimas reivindicacións na defensa dos intereses deste pobo, créase tamén outra plataforma, composta polo alcalde naquel momento e o BNG de Melide. Tiveron un ano escaso de vida porque a cidadanía axiña percibiu os intereses que encubrían.*

*Tocoume a min ser o portavoz desa plataforma por decisión maioritaria e asemblearia. Acertada ou equivocadamente, puxen voz ás reivindicacións dese equipo humano excepcional, formado por persoas tremendamente diverxentes nas ideoloxías e no pensamento. Pero nunca houbo desunión; todos tiñamos claro o obxectivo: loitar polo noso pobo, esixir xustiza para Melide e a súa comarca, que estaba a piques de ser outra vez marxinada e apartada do desenvolvemento.*

*Ante a imposibilidade de relatar neste breve espazo todas as anécdotas vividas neses seis anos intensos de traballo, quero facer mención especial a ese equipo de compañeiros nobres e cabais que xamais desesperaron no empeño de conseguir cambiar o trazado. Moitas noites de inverno, con choiva, vento e frío pegando carteis, poñendo pancartas que outros arrincaban, manifestacións, etc… entre outros, estaban Adolfo Álvarez, Pepe Quintas, Chus Iglesias, Jesús Silva, José Antonio Rodríguez, Carlos Casal, Ramón Villamor, Manuel Tarrío, Emilio Ares, Plácido Carballo, Javier López, Ceferino Lobato, Pilar López, Lorena García e David Barrio.*

*Todos traballamos arreo poñendo tempo e diñeiro sen pedir nada a cambio (nunca solicitamos subvencións e todos os gastos de imprentan viaxes, pancartas, etc… foron pagados a escote). A cambio, determinados dirixentes políticos acusáronnos de querer buscar rendementos electorais e notoriedade nos medios de comunicación. Xa se viu a rendibilidade que lle sacamos, excepto o sentirnos ben con nós mesmos por defender os dereitos que temos como cidadáns e conseguir o obxectivo: cambiar o trazado da autovía. Dos que quedamos ata o final, ningún se colocou en ningún partido político (Javier López, David Barrio, Adolfo Álvarez, Carlos Casal, Pepe Quintas, Emilio Ares, Jesús Silva, Pilar López, Ramón Villamor). Tamén me quero lembrar desas 200 persoas que en todos os actos, asembleas e concentracións que fixemos, participaron activamente e estiveron ao noso carón dándonos apoio, calor e forza a pesar de que nalgúns casos os seus negocios chegaron a ser ameazados. Non podía esquecerme dos medios de comunicación: TVG, TV Deza, Cadena SER, El Correo Gallego, La Voz de Galicia, El Progreso, o Cerne… e sobre todo os seus responsables na comarca, que nos deron voz e fixeron que o noso problema se coñecera.*

*Por último, lamento a actuación de todos os políticos locais, que en lugar de xuntarse e axudar a defender os intereses do seu pobo, estiveron sempre por defender os seus intereses políticos, azuzándonos e poñendo impedimentos. Uns máis que outros pero, ao fin e ao cabo, todos defenderon as súas siglas e o seu protagonismo cando o noso único interese era defender Melide e a súa comarca.*

*Esperamos que nunca máis unha plataforma teña que constituírse para defender ningunha causa. Que os gobernantes que eliximos sexan quen leven o peso da defensa dos intereses dos seus veciños, que e para iso os eliximos, non para quentar sillóns.*


Ana Miranda
corazón na GALIZA
futuro na TERRA!
Rebélate, polos teus dereitos!
BNG
MITIN
Día : 16 de Maio
Lugar : Sala de Conferencias do Multiusos
Hora : 21:00
Intervirá
- Xosé Mª Santín Amo
Concelleiro do BNG
- Cosme Pombo
Deputado do BNG
BNG
corazón na GALIZA na futuro na TERRA!
Rebélate, polos teus dereitos!


José Blanco anunciou en público que a autovía vai pasar por Melide

1º compromiso. CERNE 1, decembro 2004



Autovía por Melide anuncia novas mobilizacións

A Plataforma advirte que o trazado non está garantido

Mobilizacións . CERNE 22, dec. 2006


O Concello bota no lixo as pancartas da Plataforma

Obstáculos. CERNE 5, abril 2005


A Plataforma presenta un trazado alternativo ante Fomento e reúne aos veciños para expoñelo

Alternativas. CERNE 3, febreiro 2005


Fomento aposta polo corredor norte para o trazado da autovía por Melide

Máis preto. CERNE 28, xuño 2007



Fomento estudará tres trazados para a autovía cercanos a Melide

Os magos de Oriente visitaron a comarca

Esperanza. CERNE 23, xaneiro 2007



A Plataforma anuncia novas mobilizacións

A loita segue. CERNE 21, novembro 2006


A Plataforma Autovía por Melide disólvese unha vez acada a súa meta ante os veciños

Satisfacción. CERNE 47, agosto 2009




Ruta de tapas CASCO VELLO
de melide
15, 16, 17 e 18 de MAIO
22, 23, 24 e 25 de MAIO
#melidevello
Sorteos e regalos
...por facer a ruta
COLABORAN
1 EURO POR TAPA!!!
PARTICIPANTES:
Adega "O Lar"
Xaneiro
BAR CEPA
Bar LIÑARES
STOP
Adega MANDIL
Chiquitín
Estilo




Melide Moda
Síguenos en
@MelideModa

# Dez anos contando e facendo cultura



Son moitas e moi diferentes as manifestacións culturais da comarca, unha terra rica en enxeño e artistas que pode presumir da calidade e variedade do seu repertorio. En cada unha desas mostras, dende o máis humilde dos concertos ata a máis grande das festas, estivo o xornal Cerne e as súas crónicas, escritas todas elas dende o cariño que se lle ten ao que se sente como propio e familiar. Son xa dez anos falando dun dos grandes tesouros desta terra e contribuíndo a que sexa cada vez maior. Tamén se fai cultura contándoa.



SAN ROQUE 2011



FOLIADA 2010



ENTROIDO 2009

# *O Cerne na cultura da Terra de Melide*



Xosé Manuel Broz, director do Museo da Terra de Melide

*Noraboa por esta publicación do número 100, que son moitas páxinas de información sobre todos os aspectos da vida cotiá desta Terra de Melide, desde as altas terras de Toques, pasando pola chaira de Melide e baixando polas praderías de Santiso ata o Ulla. Nesta nosa terra antiga, que conforma unha comarca moi unida na historia, na cultura e no social, como ben está documentado e como segue ata hoxe como unha realidade social latente, chamada a estreitar aínda máis a relación política, quizais nun futuro próximo.*

*Este periódico Cerne moito contribúe na vida social desta terra, coa súa información veraz, atendendo a todos os temas, estando presente en todas as casas, onde se agarda a súa publicación, onde lemos as novas que acontecen, ademais da súa gratuidade. Puidera ser a maior mostra cultural desta comarca, porque un pobo que non escribe nin le non sae da ignorancia.*

*Nestes tempos de informática, para os que cremos na letra impresa en papel, na escritura, ver que esta publicación do Cerne segue sen renderse ante a crise, é unha total ledicia, pois ter un periódico comarcal con verdadeira e completa información non é un luxo, é unha mostra da cultura desta comarca e da súa xente, publicado por aqueles que saben que o progreso só ben da man da cultura, que se acada lendo. Esta é a gran lección do Cerne, a súa contribución a elevar a cultura desta comarca. O seu gran labor, a perseveranza, pois 100 números son froito de moitas horas de escritura, acadando información e estando sempre atento as novas que se producen, e sempre, outra das súas virtudes, informando con moita honestidade, sen acritude, sen partidismos, practicando o periodismo nobre, coa verdade, como un mestre que ensina a lección para todos… valores que se van perdendo nestes tempos.*

*Parabéns, pero adiante, que sigades co mesmo espírito de traballo e co mesmo ánimo, sen cambiar a traxectoria, só para mellorar; seguide así, un periódico de todos e para todos, sen vincularse a ningún grupo, seguindo así, fiel á cultura da Terra de Melide e as súa xente, facendo terra, construíndo país. Agardando o número 101 e outros cen máis. Gracias.*



Sete agrupacións folclóricas actúan na primeira "Foliada" de Melide

**A primeira Foliada. CERNE 6, maio 2005**



Melide volve á escea

**Charamela. CERNE 24, marzo 2007**



A banda de Visantoña encheu de sons o 2007 para celebrar o seu aniversario

Traxectoria vital da banda de música de Visantoña

**A Banda. CERNE 33, dec. 2007**



A Sinfónica de Melide pecha con gran éxito a primeira xira do ano

**Orquestra Sinfónica. CERNE 24, febreiro 2007**



O Ministerio de Cultura concede o premio María Moliner de animación á lectura á biblioteca melidense

O departamento estatal premiou un proxecto presentado pola sala de lectura municipal con galardón de 200 libros infantís e xuvenís para os seus fondos

Contacontos na biblioteca para os cativos

**Recoñecemento á biblioteca pública. CERNE 43, novembro 2008**



Reapertura do museo da Terra de Melide

**Museo da Terra de Melide. CERNE 11, dec. 2006**



Javier Iglesias gaña o I Campionato de Pesca Terra de Melide, no que se anotaron 40 troiteiros

**Campionato de pesca. CERNE 15, maio 2006**



Trece aspirantes participaron na XVII edición do certame

Pilar Platas, primeira melidense en gañar Miss Galicia terceira idade

*Andrés González e José María Ourego foron distinguidos como míster guapo e míster simpático*

**Miss Galicia. CERNE 19, set. 2006**



Cultura e lecer

O Carme desata unha ola de devoción entre centos de melidenses cara a esta virxe

Melide, un pobo sen mar con adoración á patroa dos mariñeiros

**O Carme. CERNE 40, xullo 2008**


MOBLES ARES
MUEBLES ARES
Mobles Ares desde a tradición á modernidade
3.000 m² de exposición no corazón de Melide.
MOBLES ARES
Tfno./fax: 981 50 55 64
mobles@moblesares.com
Ronda de A Coruña, 62
Rúa Florentino López Cuevillas, 12
15800 MELIDE (A Coruña)
Tamén abrimos os domingos de 10:00 a 14:00 h.


Curuxás recuperou a tradición cos testamentos e a queima do meco

Terra de Melide expuxo unha retrospectiva dos últimos 30 anos

Entroido. CERNE 25, marzo 2007


Adicouse a Antonio García Mourelle, párroco da vila

Once formacións participaron na XVII Semana da Música

A Coral Polifónica, organizadora do certame, pechou as actuacións

Semana da Música. CERNE 21


O melindre xa presume de Festa de Interese Turístico

Era un obxectivo moi perseguido e por fin se converteu en realidade: a Xunta de Galicia acaba de concederlle á Feira do Melindre a distinción de "interese turístico", un recoñecemento que atrae a repostería tradicional melidá nos principais circuítos de promoción e que pon en valor a súa calidade e exclusividade. A boa nova chega xusto a tempo para a XXII edición da festa, que se celebrará o próximo domingo 12 de maio. P14

Festa do Melindre. CERNE 88, maio 2013


Xosé Vázquez Pintor : da palabra escrita ao recoñecemento imperecedoiro da súa vila natal

Vázquez Pintor. CERNE 39, xuño 2008


A quinta edición de Corremelide reuniu a uns 650 rapaces ás carreiras polas rúas do casco antigo

O IES organizou de novo este acto, que combinou carreiras de atletismo, xogos tradicionais e divertimento o pasado 27 de maio nos arredores da Praza do Convento

Corremelide. CERNE 7, xuño 2005


O directo intachable dos Bombo Infierno convence en Melide

San Roque. CERNE 19, setembro 2006


Cerne Terra de Melide

Protección Civil, medalla de Melide

Medallas de ouro. CERNE 29


24 Cultura e lecer

Froito Novo, unha agrupación para a historia

Froito Novo. CERNE 73, feb. 2012


A alfombra floral do Corpus engalana a Praza do Convento

Corpus. CERNE 47, maio 2009

# 25 anos de Asetem

ASOCIACIÓN COMARCAL DE EMPRESARIOS DE MELIDE

Estimado amigo y compañero:

Un grupo de empresarios de Melide (representamos sobre 30 personas), estamos promoviendo la creación de una ASOCIACIÓN COMARCAL DE EMPRESARIOS, para unir los esfuerzos e inquietudes que tenemos a nivel individual ahora tenemos que juntarnos ya que la unión hace la fuerza, defendiendo nuestros intereses como empresa y promocionándolas, haciendo de Melide un Centro Industrial que sea reconocido a nivel provincial, regional y nacional. Tenemos que llegar a tener unos servicios de ASESORAMIENTO JURÍDICO-LABORAL, ASESORAMIENTO ECONÓMICO-FISCAL, UN DEPARTAMENTO DE INFORMACIÓN (que nos avisaría sobre las posibles subvenciones que podemos optar como empresarios que somos), UN DEPARTAMENTO DE FORMACIÓN (donde se impartirían cursos de contabilidad, gestión de empresa, etc), UN DEPARTAMENTO DE PROMOCIÓN (promocionar a Melide como Zona Industrial, realizar ferias de exaltación de nuestros productos, etc), todo esto y mucha más cosas se podrán realizar si estamos todos unidos, por eso te citamos para que el próximo Martes día 24 a las 8 y media de la tarde en el Centro Social de la Tercera Edad acudas a la reunión que tendremos en donde nos acompañarán entre otros el Secretario General de la Confederación Provincial de La Coruña de Empresarios.
Puede ser miembro de esta Asociación toda aquella persona o sociedad que tenga como mínimo un trabajador asegurado a su cargo.
Por el gran interés del tema agradecemos que participes al igual que como no sabemos la dirección de todos si tú conoces a algún compañero que reúna dicho requisito de empresario lo avises para dicho día.
Agradeciendo vuestra colaboración y asistencia te damos las gracias.





Cea anual 1996





Reunión
Ano 1999

*Velaquí está a orixe de todo: un documento anónimo, redactado a máquina de escribir nalgún momento do ano 1989, que chamaba á unión para facer a empresa de Melide máis forte e defender os seus intereses. Descoñecemos a autoría do escrito, a data exacta na que se enviou e o éxito que tivo a convocatoria, pero sabemos que pouco tempo despois se había asinar a primeira das actas de Asetem, xa constituída en asociación. Iniciábase así un longo camiño que chega ao día de hoxe conservando a mesma filosofía e razón de ser.*

# Galicia e o seu espírito asociativo



María Fernández
Xerenta do GDR UTM

*Estou chea de oír que Galicia non ten espírito asociativo. Tópico ou realidade? É verdade que sempre é difícil sacar unha asociación adiante e facer as cousas en conxunto. Quen non viviu esas situacións tan típicas? Está a persoa que ocupa un cargo, por exemplo, a presidencia, que sempre quere dimitir: "porque eu xa estou canso" "porque aquí ninguén agradece nada" "porque facemos as cousas para que se nos critiquen"... pero non é a única "figura molesta", están tamén as persoas que non queren esperar, as que so participan para preguntar "canto vai durar isto", as que se cabrean e marchan na metade da reunión, as que non respectan a quenda de palabra, as que boicotean o traballo de outras, as que berran, as que nunca están... hai persoas para todo, pero todas, absolutamente todas, teñen unha cousa en común: pertencen a un proxecto: a asociación. E entre piques e ameazas o tempo vai pasando, as cousas vanse facendo e un día, así como quen non quere a cousa, cúmprense 25 ANOS!!*

*E entón, cada un de nós bota unha ollada e ve a realidade, dá igual que sexas parte dunha asociación cultural, de mulleres, dunha comisión de festas, dunha veciñanza que queda para a matanza ou para recoller as patacas: en Galicia todo se fai en asociación, e ademais faise ben. Para mostra un botón, e aquí está Asetem! Con oficina, sede propia, periódico, catas, feiras, salóns de voda, cursos, xornadas, ceas, festas e tantíiiisimas actividades que desenvolve cada ano. Claro que non é fácil, que hai momentos baixos, o financiamento sempre escaso, a xente que está a outras cousas, a participación difícil, pero agora, quen pode dicir que non sente orgullo desta asociación que cumpre 25 anos!*

*Eu, pola miña parte, morro de envexa e satisfacción ó ver que en Melide cada mes sae o Cerne, cada día se publica algo no Facebook, cada ano hai máis actividades, máis iniciativas que saen adiante, funcionan e fan da vila un centro comercial e empresarial dinámico. E só se me ocorre dicir: Parabéns! E seguide así 25 anos máis!*



Campaña do euro, 2002



Inauguración da sede, 2003




Plataforma da Autovía, 2009



Campaña de Nadal 2009

# As caras visibles de Asetem

En 25 anos de historia, Asetem tivo seis presidentes. A eles corresponde atribuírlles, aínda que non sempre sexa xusto, os acertos e os erros cometidos neste tempo. Máis non cómpre agora xulgar xestións nin facer valoracións. É só momento para eloxiar a quen contribuíu de xeito altruísta, coa mellor das intencións e co sacrificio persoal, a que Asetem medrase día a día e chegase á actualidade sendo unha asociación forte e consolidada. Ese é o grande éxito, un éxito do que eles son responsables como líderes capaces, comprometidos e con iniciativa. Os maiores agradecementos e todo o recoñecemento para Horacio Blanco, José Quintas, Pedro J. Gómez, Julio Villamor, José Antonio Rodríguez e Sonia Valiño.

**1. Cal foi a súa maior satisfacción como presidente de Asetem?**

**2. Hai algo que lle gustaría ter logrado e que non foi posible acadar?**

**3. En que debería de mellorar Asetem de cara ao futuro?**



## Horacio Blanco (1989 - 1990)

***1.*** *Para min a maior satisfacción é ter sido o primeiro presidente de Asetem e ter colaborado na fundación dunha asociación que 25 anos despois segue funcionando e prestando un importante servizo aos asociados.*
***2.*** *Gustaríame ter impulsado a creación de gremios profesionais dentro da asociación para que se reunisen e abordasen de forma máis específica as súas necesidades.*
***3.*** *É importante seguir sumando socios. Todas as forzas deberían ir enfocadas nesa dirección. Cantos máis sexamos, mellor.*



## José Quintas (1990 - 2000)

***1.*** *Conseguimos ter unha boa coordinación co Concello e levar a cabo xestións moi importantes a nivel de infraestruturas e servizos, como o parque empresarial, a construción dunha subestación eléctrica ou a nova estrada ata Betanzos.*
***2.*** *Non soubemos convencer aos concellos limítrofes do importante que era coordinarnos entre todos para plantearlle ás administracións proxectos de gran envergadura.*
***3.*** *Boto en falta o carácter reivindicativo. O goberno local ten que contar con Asetem dunha forma real e non testemuñal.*



## Pedro J. Gómez (2000 - 2001)

***1.*** *Podo dicir que foron varias: a creación da páxina web, conseguir acordos coa Confederación de Empresarios da Coruña e iniciar os trámites para a compra da actual sede.*
***2.*** *Quedaron moitas cousas por facer, pero eu establecera un período de tempo e ao ver que atopaba moitos atrancos e pouco apoio, decidín dimitir para que persoas con máis ganas puideran seguir co que eu empezara.*
***3.*** *Habería que intentar que sexa dinámica e que apoie aos socios en todos os seus problemas, buscando vantaxes e solucións.*



## Julio Villamor (2001 - 2002)

***1.*** *A primeira, ter dirixido a compra do local que hoxe ocupa a asociación. A segunda, conseguir que a Autovía Lugo-Santiago pase por Melide.*
***2.*** *Gustaríame ter presidido a asociación os catro anos regulamentarios, pero dimitín antes a modo de protesta pola actitude do alcalde Miguel Pampín, que creara outra asociación para anular a nosa cando solicitamos a Autovía por Melide.*
***3.*** *Pídolles aos directivos e aos socios de Asetem-Cca que sigan loitando como ata agora. A forza sae da unión.*



## José A. Rodríguez (2002 - 2010)

***1.*** *Durante o meu tempo como presidente, un dos logros que máis influíu para ben no devir da asociación foi converternos en Centro Comercial Aberto. Duplicamos o número de socios e triplicamos o orzamento. Tamén me produciu especial satisfacción poder sacar á rúa o xornal Cerne, que a día de hoxe segue estando vixente.*
***2.*** *Algúns proxectos quedaron no camiño, pero non recordo agora cales.*
***3.*** *Xa non é unha cuestión que vaia comigo e, ao non tela moi presente, carezo de análise para poder responder á pregunta.*



## Sonia Valiño (2010 - 2014)

***1.*** *A maior satisfacción é ver que día tras día a asociación vai medrando en proxectos e socios e sentir o apoio da xunta directiva, sen a cal non sería posible sacar adiante moitos dos nosos plans.*
***2.*** *Penso que logrei os meus principais obxectivos. Poderíanse facer moitas máis cousas, pero os tempos que corren limítannos. Seguiremos loitando e asumindo retos.*
***3.*** *Hai que pelexar no día a día, prestando sempre apoio ao socio, e conseguir que Asetem sexa máis forte ca nunca para defender mellor os nosos negocios e o noso pan.*



# Na trastenda do Cerne

Asetem-Cca acadou un dos seus maiores logros ao conseguir poñer en marcha e manter no tempo unha publicación periódica a través da que achegar cuestións de interese ao empresariado e aos veciños da comarca. O xornal Cerne é a día de hoxe unha das súas máis visibles marcas de identidade, un vehículo de expresión polo que ao longo dos seus case dez anos de vida pasaron seis xornalistas. Artífices dende a discreción dun traballo laborioso que esixe implicación e que se acaba sentindo como parte dun mesmo, recordan aquí a súa experiencia como redactor@s do xornal da Terra de Melide.

## Ledicia Trillo *(Cernes 1-10)*



*Dez anos xa! E parece que foi onte cando cheguei a aquela oficina, recén saída da facultade de Xornalismo, puxéronme diante daquel PC e preguntáronme "que necesitas?". Despois de pensalo un pouco, contestei que un programa de edición, unha gravadora e unha cámara de otos; o demais, fómolo conseguindo pouco a pouco. O máis difícil foi o primeiro número; teño que confesar que por momentos estiven convencida de que non o conseguiríamos, pero con moito esforzo e a axuda dos compañeiros Jorge e Pilar, "parimos" ese primeiro Cerne que, foi un orgullo para todos. Como primeira xornalista do Cerne só podo dicir que me comprace enormemente comprobar que segue aí, dando cumprida información sobre a Terra de Melide, dez anos despois. Para min foi unha experiencia única, da que aprendín nun ano máis do que outros aprenden en grandes medios durante moito máis tempo. Só me queda desexar ao Cerne, aos seus editores, aos seus redactores e aos seus lectores, que cumpran moitos máis.*

## Lorena G. Calvo *(Cernes 14-30)*



*Acontece ás veces que esa profesión chamada xornalismo absorbe a un de tal maneira que non deixa tempo máis que para aplicar esa regra de ouro do "ir, ver e contar"; a máxima de todo informador. Tal aconteceu con Lorena García Calvo, quen non dispuxo nos últimos tempos dun minuto de alento para escribir unhas liñas sobre o Cerne, por máis que era a súa intención facelo. Quizais iso se deba a traballar con tanta implicación, paixón e afán de perfeccionismo como fixo na súa etapa á fronte do xornal da Terra de Melide, do que redactou 17 números entre abril de 2006 e setembro de 2007. Convén recuperar para esta ocasión unha parte das as verbas que escribiu con motivo do Cerne número 50 e que de seguro segue compartindo 50 números despois: "Cerne foi un auténtico laboratorio de prácticas ao que sempre estarei vencellada, e ao que gardo un especial apego. Confío en que este proxecto ambicioso que un grupo de valentes se sacou da chistera siga medrando e achegándonos á realidade dos nosos concellos".*

## Denís Fernández *(Cernes 11-13)*



*A estadía de Denís Fernández no Cerne foi breve pero intensa. Para este xornalista pontevedrés, os tres meses que pasou no xornal foron "especialmente agradables" polo feito de ter sempre a sensación "de estar facendo un traballo apreciado polos lectores e de escribir nun medio que influía na sociedade á que se dirixía". Dende a distancia, amosa a súa satisfacción "ao saber que o Cerne segue dándolle voz aos veciños de Melide".*

## Ángeles Buján *(Cernes 31-47)*

*O xornal Cerne, no que traballei dende outubro de 2007 ata setembro de 2009, supuxo a miña primeira incursión na prensa escrita como redactora. Foi para min todo un desafío ter que enfrontarme cada mes a un periódico de 24 páxinas no que todo o traballo recaía sobre unha soa persoa. Había que ser redactora, directora, fotógrafa... e sobre todo buscar moitas novas para encher todo o espazo dun xornal que naquel entón tiña moi pouca publicidade.*

*Fun das xornalistas que gustaba de cubrir en persoa as novas: en cada exposición que había no IES, en cada acto da cooperativa ou evento deportivo, alí estaba eu dende o principio ata o remate coa miña cámara de fotos. Gocei do contacto directo coas fontes e cos feitos.*

*A nivel persoal o Cerne valeume tamén para coñecer a comarca. Ao nacer e medrar en Barakaldo, había moitos lugares nos que nunca estivera. Descubrilos foi enriquecedor. O xornal tamén me serviu*



*para perfeccionar o meu galego; cada número era unha escola na que aprender unha nova palabra, algo do que estou moi agradecida, como tamén o estou da xunta directiva de Asetem e dos socios pola súa axuda e os seus consellos.*

# O traballo silencioso



Detrás de cada cartel, de cada rifa do Nadal, de cada tapa con setas no mes de outubro ou de cada anuncio do Cerne hai un traballo invisible, constante e moi necesario para que Asetem cumpra a súa función de promocionar, formar e informar á empresa de Melide. Aí é onde están Pilar López e Adolfo Álvarez, nos fogóns: cortando, amasando, suando entre potas para que o prato teña a mellor presentación e deixe no padal do cliente un bo sabor de boca. A pé de rúa, en contacto cos socios e dende o día a día, construíron boa parte dos chanzos que encamiñaron a Asetem ao seu 25º aniversario.



**Adolfo Álvarez** é o exemplo de como hai que encarar o traballo e a vida mesma; con optimismo, con enerxía, implicándose ao máximo en todo o que se fai. Recoñecerano polo súa vitalidade, polo sentido do humor, o gusto pola conversa, e poida que tamén pola cámara de fotos coa que inmortaliza os momentos bos e malos do Cerne e de Asetem, para quen o seu traballo altruísta resulta de suma importancia.



**Pilar López**, xerenta de Asetem. Iso é como dicir "a nai de todos". Ninguén coma ela sente as alegrías e as penas dunha asociación que non sairía adiante sen ese traballo incansable, das pequenas e das grandes cousas, ás veces invisible, pero sempre tan necesario. A persoa de referencia para os socios, a que administra con bo criterio, a que pon esmero para que cada campaña sexa mellor que a anterior. Un piar fundamental.

## *Tamara Navaza (Cernes 48-69)*



*A palabra 'Cerne' non tiña un significado especial na miña vida ata que en novembro de 2009 comecei a traballar en Asetem. Foron case dous intensos anos nos que a maior parte dos meus pensamentos estaban adicados a este modesto, pero gran xornal. Dar vida ao Cerne foi moi especial para min. Houbo momentos de incrible alegría e emoción, outros de baixón e dores de cabeza, mais, sobre todo, moita satisfacción. Foi unha experiencia que agora, co paso do tempo e vista dende a distancia, podo calificar de inmellorable. E isto foi posible grazas á enerxía incansable de Adolfo Álvarez e á entrega e ao inquebrantable apoio de Pilar López, alma da asociación. Recordo cando preparamos o número 50. Daquela comecei a darme conta da enorme importancia que ten este xornal para as xentes da Terra de Melide. Nestes tempos nos que os medios de comunicación están a ser asolagados pola crise, é alentador ver como a xente pregunta entusiasmada pola rúa "Cando sae o Cerne?", algo que nunca esquecerei.*

## *Iván G. Blanco (Cernes 70-100)*



*Cheguei ao Cerne por casualidade e, coma case todas as cousas que aparecen sen contar nin buscalas moito, cambiou a miña vida. Máis ca un proxecto profesional, significou para min un revulsivo persoal que con cada páxina escrita e cada número publicado me permitiu achegarme cada vez máis á idiosincrasia e ás xentes da Terra de Melide, da que xa levo grandes amigos e experiencias inesquecibles. Fun descubrindo da man dos melidenses as entrañas dunha sociedade que se por algo se caracteriza é polo seu dinamismo e iniciativa. Todo iso foi tendo o seu reflexo no Cerne, no que me prace escribir por ser un medio onde se exerce a comunicación do xeito máis puro; sen presións, sen censuras, sen intereses opacos, sen condicionantes. Só coa vocación de servizo público, de utilidade. Simplemente contando o que lle pasa e o que lle interesa á cidadanía da comarca. Todo un privilexio.*
*Cen parabéns para Asetem por poñer en marcha esta iniciativa singular e cen primaveras máis para o Cerne.*



# Catro pingueiras do diluvio

Coma o orballo fino que vai caendo ata empapar a terra, así foron aparecendo nas páxinas do Cerne ducias, centos e miles de noticias con Asetem como protagonista que conformaron un diluvio de información no que se deu conta de cantas iniciativas se fixeron e cantos pasos se deron. Recollemos aquí algunhas das pingueiras máis representativas da arroiada: momentos que marcaron un antes e un despois, instantáneas dun xeito de traballar.



EMPRESA E COMERCIO

ASETEM integra a Melide na Rede de Centros Comerciais Abertos de Galicia

"Un CCA libre e sen condicionantes institucionais en Melide"

**CCA. CERNE 10, outubro 2005**



Asetem integrará ós socios de Vila de Melide tras materializarse a unión dos colectivos

**Unión. CERNE 54, xuño 2010**



Industria subvencionou as bandeirolas de metacrilato

ASETEM-CCA repartiu as súas placas identificativas

**Identidade. CERNE 22, dec. 2006**



Rodríguez Álvarez, reelixido presidente de ASETEM-CCA

**Reelección. CERNE 16, xuño 2006**



ASETEM pioneiro na súa terra: lanza a primeira tarxeta comercial por puntos na historia da vila

**Pioneiros. CERNE 42, outubro 2008**



O xornal da Terra de Melide

Asetem elixe por maioría absoluta a Sonia Valiño como presidenta

**1º presidenta. CERNE 53, maio 2010**



A patronal conta con xerente cualificada e avalada pola Xunta

Pilar López, Sonia Valiño e Manuel Vázquez

**Xerenta. CERNE 56, agosto 2010**



Melide sufriría unha fuga de gasto dun 36% cara Santiago de abrirse o C.C. As cancelas

**Estudos. CERNE 13, marzo 2006**



Asetem-Cca aposta por consolidar o Salón da Voda tras o éxito rotundo da primeira edición

Unha feira dinámica que deixou bo sabor de boca

**Iniciativas. CERNE 76, maio 2012**

Seguros Bilbao

**!!NUEVO!! COSALUD VITAL**

"ASISTENCIA SANITARIA PRIVADA"

Cuadro médico propio con más de 25.000 profesionales

**Desde el 15% de descuento en tu Seguro Vida hasta el 31 de Diciembre*.** Tráenos tu póliza actual o pregúntanos si aún no disfrutas de ella.

* Ver condiciones de oferta en la oficina

SEGUROS DENTALES DESDE ¡¡¡ 36 € !!!
(Limpieza bucal anual incluída, coste aproximado 40€)

Rodrigo Fernández Pombo
Agente de seguros exclusivo
Nº de Reg. Mediador.: COO2636154917K
C/ Ronda de Pontevedra
Nº 113 Bajo - 15800 Melide
Tlf/ Fax: 981506495
Móvil: 678055942
rodrigofernandez@segurosbilbao.com

CC XESTION
...a peza que precisa a súa empresa
laboral
contable
fiscal
sucesións
tráfico
seguros
Solicite presuposto sen compromiso !!
R/ Florentino L. Cuevillas, 2 Baixo
15800 MELIDE A Coruña
Tf: 881 973307 Fax: 881 975314
info@ccxestion.com
www.ccxestion.com

MOBLES E COLCHÓNS
TRASPOME, S.L.
Teléfono: 981 50 57 34 Fax: 981 50 55 07
Ctra. a Lugo, a 2 Km de Melide
MELIDE - A CORUÑA
comercial@traspome.com

ares
FERRETERÍA - SANITARIOS - MENAJE
Ronda da Coruña, 33
Telf.: 981 50 50 53
Fax.: 981 50 72 57
Polígono Madanela
Telf.: 981 50 77 18

CUBIERTAS HNOS. BLANCO, S.L.U.
- Cubertas en xeral: pizarra, cobre, zinc, tella...
- Canalóns de aluminio, cobre, zinc estañado
- Fachadas ventiladas e falsos teitos
- Estruturas de madeira

Avda. de Lalín, MELIDE
Tlfno: 608 98 96 65

# Promocionar, difundir, facer comarca




En 25 anos foron moitas as campañas postas en marcha dende Asetem co obxectivo de beneficiar o tecido económico de Melide e de darlle visibilidade aos nosos comercios e empresas. Non é doado atinar; algunhas demostraron a súa eficacia e conseguiron consolidarse no tempo sen apenas cambios. Outras, se cadra moito máis prometedoras, forman parte do pasado e do esquecemento. Máis todas elas, atinadas ou erradas, teñen un denominador común: sempre levaron por diante o nome de Melide. Alí onde chegou Asetem, chegou a nosa comarca asociada ao espírito emprendedor, á iniciativa e á calidade.




En Melide todo o día




Este Nadal toca en Melide




Melide Moda




Tarxeta de puntos de Asetem







Rutas de Tapas




Salón da Voda




Guía comarcal




Rifas do sorteo de Nadal




Bono Asetem




Campaña do euro





# Unha carreira sen liña de meta

O Cerne comprende moi ben aos deportistas da Terra de Melide. Quizais porque a súa traxectoria tamén foi unha carreira de obstáculos na que houbo (e hai) que poñer grandes doses de esforzo, tenacidade e espírito de superación. Neste tempo non gañou ningunha medalla; a súa vitoria consiste en manterse en carreira para seguir contando cada mes entre as súas páxinas tanto as fazañas dos deportistas afeccionados coma os grandes éxitos do deporte local alén das nosas fronteiras. Que a carreira non cese e que nunca chegue á liña de meta.



O equipo azul rematou a súa brillante tempada cunha choiva de goles no encontro contra o Visantoña

O CIRE Melide proclamáse campión e ascende á categoría de segunda autonómica

*A vila converteuse nunha gran festa para homenaxear aos membros do equipo que acadaron esta fazaña histórica para o fútbol melidense*

**Ascenso do Cire. CERNE 37, abril 2008**



O Atlético Melide rexurde con equipos en sete categorías e un amigable co Super Dépor

**O Atlético Melide volve ao terreo de xogo. CERNE 29, xullo 2007**



Ferreiro e Anido vencen no IV Rali de Galicia e fanse co Campionato Nacional de Históricos

*"Somos uns enfermos do motor e iso é o que nos fai seguir diante"*

**Campións de España. CERNE 81, 2012**



López e Ayude proclámanse en Italia campioas do mundo de Kick Boxing

**Campioas do mundo. CERNE 94, 2013**



Escola Ayude, paixón polos deportes de combate



**Escuela Ayude. CERNE 60, dec. 2010**



A Terra de Melide ondea a bandeira branquiazul

**Peñas do Deportivo. CERNE 82, novembro 2012**



Cita co mundo das motos de man dos Millí Riders

**Millí Riders. CERNE 89, 2013**



A Asociación Deportiva Cerne abre novos camiños cunha media maratón entre Palas de Rei e Melide

**Os 21 do Camiño. CERNE 92, 2013**

ÓPTICA ABAL AHORA ES ALAIN AFFLELOU
EN MELIDE: C/ RONDA DA CORUÑA, 16 • 981 50 60 97




ALAIN AFFLELOU
Óptico

# Unha mirada periscópica




Se por algo se caracteriza o Cerne na súa condición de xornal local, é por poñer o foco en temas que non teñen cabida en medios de maior difusión. Esquecido en moitos sentidos, o rural anda tamén escaso desa tan necesaria información sobre as cuestións que lle afectan ás súas xentes, privadas do dereito a coñeceren o que, o quen, o cando, o onde, o como e o por que do que pasa ao redor. Na medida das súas posibilidades, o Cerne tentou aplicar nestes 100 números unha mirada periscópica que abranguese dende o cumio do Bocelo ata as terras baixas do Ulla para levar ás súas páxinas temas nos que os veciños e veciñas de Santiso, Toques e Sobrado son os únicos protagonistas.



Tres orquestras participarán na primeira gran festa da xuventude de Visantoña

Máis de vinte persoas están a tomar parte na organización da festa

**I Festa da Xuventude de Visantoña. CERNE 25, marzo 2007**



A Consellería de Medio Ambiente dá a razón á Asociación de Veciños Afectados

Un conflicto con máis de corenta anos

De Fenosa a Medio Ambiente

**O paso do embalse. CERNE 5**



Veciños de Santiso crean unha asociación contraria ao futuro encoro de Seixo-Balmil

O alcalde recibe ataques da oposición por conceder a licenza

A asociación veciñal vai consultar con avogados as súas posibilidades

**Loita veciñal. CERNE 4, marzo 2005**



## *Estamos de aniversario*

**Xosé Núñez López, Presidente de Honra da Banda de Música de Visantoña**

*Baixo este mesmo título comezaba o traballo que hai cincuenta e un meses tivo a ben publicarme o noso xornal para conmemorar a saída do número 50 do Cerne, no mes de febreiro do ano 2010.*

*Pensando como podería titular este artigo para celebrar coa mesma ou, loxicamente, aínda con maior ledicia a saída á luz do número 100, non atopei nada mellor nin máis axeitado; por iso poño o mesmo, porque tratándose de algo tan positivo como é unha importante publicación da nosa comarca, e sumando o recordo daquel 50 aniversario, acadamos unha dobre satisfacción e cumprimos co dito de que nas boas cousas sempre é mellor sumar ca restar.*

*Como subscritor do Cerne dende pouco despois do seu nacemento, non poden imaxinar a ledicia que sinto cando cada mes, ao abrir a caixa do correo, me atopo co xornal da miña terra e me dispoño a ler cantas novas suceden na comarca da Terra de Melide. Dende o primeiro día do mes xa estou contando os días que faltan ata recibilo coa mesma ilusión coa que se agarda por unha carta dunha persoa que aprecias.*

*Esa ilusión e esas ganas de que chegue o Cerne son aínda máis grandes durante o inverno, porque os meses de frío este servidor de vostedes pásaos en Vigo e entón, na distancia e sen a conversa de cada día coas xentes da patria chica, que é Visantoña e comarca, sinto máis necesidade de ler dato por dato e detalle por detalle todas as novas que conta o noso xornal Cerne.*

*Tamén quero rematar como rematei aquel traballo do 50 aniversario, que dicía:"por todo isto, eu quero felicitar e animar á dirección, á redacción e a cantos traballaron e traballan dalgunha maneira para que o noso Cerne siga adiante sen complexos". Para que, cando cumpramos os 150 números, poidamos seguir dicindo cousas tan loables deste medio como as que hoxe quere facer constar este humilde colaborador*

*Vigo, maio de 2014*


Catastrófe ecolóxica no río Catasol

Catástrofe ecolóxica. CERNE 31, set. 2007


COMARCA

Veciños de Santiso crean unha asociación contraria ao futuro encoro de Seixo-Belmil

O alcalde recibe ataques da oposición por conceder a licencia

A asociación veciñal vai consultar con avogados as súas posibilidades

Encoro de Belmil. CERNE 4, marzo 2005


Villar reuniuse con Quintana para pedirlle financiamento á Vicepresidencia

O pleno de Santiso da luz verde á construción dun centro de día

*Os edís aprobaron por unanimidade a adhesión ao Consorcio de Servizos Sociais*

Promesas. CERNE 22, decembro 2006


O local veciñal de Visantoña *O Noso Lar* por fin abre as súas portas celebrando unha gran festa para a súa inauguración

O Noso Lar. CERNE 41, agosto 2008


A morte abnega as augas do río Catasol por segunda vez

*Un camión que contiña toneladas de alcatrán volcou na ponte do lugar do Transpedre vertendo o seu contido en catro quilómetros de afluente*

Alcatrán no Catasol. CERNE 40


As novas corporacións: Santiso

Os votos do CIS e de tres tránsfugas do PP aupan a Ovidio Leiva á alcaldía de Santiso

Leiva, alcalde. CERNE 29, 2007


PSOE, BNG e IS acadan un pacto salpicado polas presións e ameazas para apartar do poder ao PP

Suárez (PSOE) e Adán (BNG) repartirán a alcaldía, con Curros como tenente

Leiva asegura non ter "ansias de poder" e asume o seu novo cargo na oposición

Tripartito en Santiso. CERNE 66, xuño 2011


Pepe Blanco e Ricardo Varela participan na inauguración da sede socialista de Santiso

Nova sede. CERNE 15, maio 2006


O cura de A Ponte compartiu con máis de 250 feligreses os seus 50 anos na parroquia

Homenaxe. CERNE 25, marzo 2007


A retirada de recollida de leite da empresa Pascual a Melisanto provoca unha crise no sector leiteiro

Solidariedade coa actual situación dos gandeiros

Melide, Toques e Santiso amparan a situación da cooperativa

Concentración multitudinaria de protesta protagonizada polo peche dos comercios melidenses e a veciñanza da vila

Gandeiros. CERNE 46, feb. 2009


O Consello de Contas destapa irregularidades nas contas de Toques

O Concello adxudicou a unha única empresa 1.928.947 euros en obras en seis anos

O informe urxe cambios nos procedementos, e Ares di estar disposto a corrixilos

Contas de Toques. CERNE 25, 2007


Buján e Calvo turnaranse á fronte da alcaldía, e Ferro será tenente alcalde

Cambio en Toques. CERNE 29, xullo 2007


Centos de persoas piden "compromiso real" das institucións para o vial Melide-Ribadulla

Estrada a Ribadulla. CERNE 58, outubro 2010


Populares e independentes reparten alcaldía, tenencias e áreas de goberno en Toques

Calvo será o rexedor na primeira metade da lexislatura e Castro os dous últimos anos

Arturo Penas e Jorge Calvo (PP)

Mónica Penas e José Antonio Castro (XCPT)

Bipartito en Toques. CERNE 67, xullo 2011


O arranxo da Regada seguirá en punto morto todo o mes de agosto

Ponte da Regada. CERNE 91, agosto 2013


Máis de mil persoas celebraron a festa de San Isidro en Melisanto

San Isidro. CERNE 38, maio 2008


Veciños de Visantoña colaboran na recuperación do patrimonio histórico e cultural da súa parroquia có seu propio traballo na adecuación dos entornos

Veciños. CERNE 40, agosto 2008


Multitudinaria presentación da escudería Toques Rally Sport

Deporte. CERNE 63, marzo 2011




Ezequiel

eventos privados

Bodas, bautizos, comuniones... comedores privados hasta 60 personas

Travesía do Sol, 7 - 15800 MELIDE
Telfs: 981 505 291 - 686 583 378



# 3ª Festa Single de Melide

## Os mellores momentos dun evento único




DIVERSIÓN. En ben pouco tempo a Festa Single de Melide converteuse nun referente a nivel galego. Non hai dúbida de que a diversión e o bo ambiente desta celebración teñen moito que ver niso. Á terceira edición, celebrada o pasado mes de abril, asistiron máis de 140 persoas chegadas das catro provincias galegas.









MÚSICA. Non hai diversión sen música. Os artistas locais sempre tiveron reservado un espazo á hora de amenizar a Festa Single. Nesta ocasión a cantante Irene Ruíz, a acordeonista Laura das Donas, Suso de Boente e algún que outro espontáneo, foron os encargados de sacar aos asistentes á pista de baile. A festa tivo continuidade nos pubs da vila.




OS ARTÍFICES. A Festa Single non sería posible sen a iniciativa de Manuel Vázquez “Sierra”, alma mater e impulsor altruísta dun evento que contribúe a dinamizar a vila. Igual de importante é a colaboración de Pulpería Ezequiel e do seu xerente, Jorge. Sen a súa axuda, as facilidades e a boa disposición, a Festa Single non sería unha realidade.

A Semana Santa en Melide foi insuperable! Os pubs da vila uníronse para ofrecer a mellor alternativa de ocio e centos de mozos participaron dunhas noites de diversión nas que o gran atractivo foi o sorteo de 6.000 euros. Unha experiencia para repetir!





A noite de Melide móvese!!! Non atoparás nada semellante en ningures!! Agardámoste todas as fins de semana na capital da movida en Galicia!!



NOVO LOCAL

Pub
velvet
Melide





Visítanos e descubre unha nova forma de ocio !!!!



# Se non o leo, non o creo!

Quen dixo que o xornal era unha cousa seria? Coma na vida mesma, e coma en todo, sempre hai notas de cor. Velaquí unha representación dos titulares máis curiosos que pasaron polo Cerne nestes dez anos. Algúns xa o eran no seu momento, outros gañaron o recoñecemento co paso do tempo. Lembran cando internet era unha novidade? Quedan aínda gardadas no caixón esas fotografías simpáticas que engrosan os nosos arquivos e que nunca viron a luz. Tremede veciñ@s da comarca! O cerne 200 virá cargadiño!



A biblioteca pública de Melide xa ten mascota oficial que a represente

**Mascota da biblioteca. CERNE 6, maio 2005**



Esperpento funerario en Toques

**Enterro polémico. CERNE 12, 2006**



Accidente espectacular na rotonda do casco urbano

O coche quedou subido ás xardineiras que hai diante do albergue

**Acrobacias. CERNE 82, nov. 2012**



Os pais de alumnos do IES poden ver as faltas dos seus fillos por Internet

O Instituto de Melide, pioneiro en Galicia no uso dun novo sistema de xestión docente

O director do IES conecta a súa Unidade na Central

**Avances. CERNE 3, febreiro 2005**



A orde de derrubamento dun alpendre centraliza o pleno de Toques

**O alpendre. CERNE 4, marzo 2005**



Os veciños dunha rúa da vila organizan unha serie de actos para *bautizar* o vial

**Bautismo de rúa. CERNE 40, xullo 2008**



Os veciños de Priorada, anoxados pola presenza de ovellas no parque

A falta de mellores lugares onde pacer, as ovellas fan uso dende antigo dos espazos públicos de Melide. Así o denuncian os veciños da rúa Doutor Francisco López García, que acusan ao propietario dun rabaño de deixar pastar libremente os animais no parque situado a carón da piscina municipal.

Os habitantes desta zona de Priorada din estar fartos dunha práctica que se repite con regularidade dende hai case dez anos e que con frecuencia deixa a área inutiliza-

As ovellas pasan con frecuencia no parque e mesmo invaden a estrada

**Ovellas no parque. CERNE 88, maio 2013**



Atopan un porco morto no río Furelos

**O Achado. CERNE 52, abril 2010**



Santiso gozou durante un día da Copa do Mundo

Varios membros da corporación posaron coa Copa do Mundo

**CERNE 68, agosto 2011**



# O obxectivo indiscreto

Pequena pero matona. Non hai mellor definición posible para a sección que incorporou con grande acerto o xornal Cerne en agosto de 2011 e que se converteu dende o primeiro día nunha das máis seguidas polos lectores e lectoras: a fotodenuncia, imaxes coas que se pretenden poñer de relevo comportamentos incívicos, incumprimentos, malas prácticas, situacións de abandono ou neglixencias. A intención é contribuír a construírmos entre tod@s un Melide e unha comarca mellores. A falta de estatísticas sobre a súa eficiencia, deixamos estes exemplos para que xulguen por vostedes mesmos.

## Lavado de imaxe na Rúa Galicia




## Sinais que facían perder a pista




## Sobre rodas pola estrada da Martagona




## Casa da Cultura sen botellón




## Lixo nas rúas tralo mercado dos domingos




## Colectores libres de carteis e anuncios




## Lavadoiro de Sabián




## Vexetación na Fonte de Priorada




## Un mal soporte para a placa da Rúa Santiso




## Adeus aos conos provisionais da Rúa do Convento



CaixaNegocios

**Llevamos la oficina de "la Caixa" a tu negocio**

Centro Comercial Aberto
ASETEM



Dos cuentas con un único saldo

Descuento del 5% en carburantes[4]

Financiación por facturación de tu TPV

Descuento del 10% en seguros en promoción[11]

Conecta con tu gestor siempre que lo necesites

Para más información, consulta www.CaixaNegocios.es

**Estamos más cerca que nunca de tu negocio**

En "la Caixa", pensamos que la mejor manera de ayudarte en la gestión de tu negocio es hacerlo en persona. Por eso, hemos creado una nueva forma de hacer negocios que cambiará la relación con tu oficina de "la Caixa", poniendo a tu servicio un gestor especializado que irá a verte para que no tengas que desplazarte y que te ayudará a realizar los trámites que harías en tu oficina.

Y además, descubrirás las **soluciones de protección, gestión y financiación** que mejor se adaptan a tus necesidades y las de tu negocio.

**Te ayudamos en las gestiones diarias**

Te ofrecemos soluciones para aumentar la eficiencia de tu negocio y te acercamos las mejores herramientas de gestión.

- **Cuenta Negocio**
Gestiona tu cuenta, realiza operaciones de cobros y pagos y ahórrate costes[1] por:
  - Mantenimiento y administración
  - Tarjeta de débito para el titular y un beneficiario
  - Ingresos de cheques[2]
  - Transferencias por autoservicio[3]
  - Línea Abierta y correspondencia *on line*
  - Tarjeta ingresos 24 horas

- **multiCuenta Negocio**[1]
Dos cuentas independientes, una para uso profesional y otra para uso particular, que aunque funcionan por separado con sus propios cargos y abonos, operan con un único saldo conjunto en caso de necesidad de fondos en una de ellas.

- **Tarjeta MasterCard Professional de crédito**
Gestiona el día a día de tu negocio ahorrando dinero en carburantes y disfrutando de muchas ventajas más:
  - **Descuento del 5% en carburantes** en estaciones Repsol, Campsa y Petronor[4] y factura mensual desglosada con el IVA de estas operaciones
  - **VIA-T gratuito**[5]
  - **Cuota de mantenimiento de la tarjeta, gratis**[5]
  - **Puntos Estrella**
  - **Servicio gratuito CaixaProtect**® contra robo y fraude

- **multiTarjeta Negocio**[1]
Podrás separar tus gastos personales de los profesionales, a través de dos tarjetas de crédito: la MasterCard Professional, para los gastos del negocio, y la Visa Classic para los particulares, domiciliadas cada una en su correspondiente cuenta, pero con un único límite común de crédito.

- **TPV bonificado**
Ahora, con el TPV bonificado podrás disfrutar de una tarifa reducida en la tasa de descuento sobre las ventas que tus clientes te abonen con tarjetas tanto de "la Caixa" como de otras entidades.

**Las mejores soluciones de financiación**

Con nuestra oferta de financiación[6], te ayudamos a encontrar la mejor manera de avanzar en tu negocio.

- **Anticipo de Facturación**
Podrás disponer de circulante: hasta 2 mensualidades[7] de la facturación de tu TPV, con un importe mínimo de 1.000 € y un máximo de 12.000 €.

- **Financiación de circulante**
Nos adaptamos a tu negocio para proporcionarte flexibilidad en tus compras o anticiparte tus cobros.
  - Cuenta de crédito Negocios **bonificada**
  - Línea de financiación de circulante

- **Financiación de inversores**
Impulsamos tu espíritu emprendedor y tu negocio con asesoramiento especializado.
  - Préstamo Negocios **bonificado**
  - Préstamos ICO
  - *Leasing*
  - *Renting*

**Trabaja con toda la seguridad**

Te proponemos una amplia gama de seguros para proteger todo lo que forma parte de tu negocio. Además, podrás agruparlos en el **Pack multiSeguros Negocios**[8].

- **Seguridad para tu negocio**
Protege tu negocio y su infraestructura, y asegúrate la mejor respuesta ante cualquier imprevisto o accidente, tanto si se trata de tus instalaciones, como si es cuestión de asesoría jurídica o de asistencia informática, pérdida de documentos o coberturas y asistencia completa para vehículos comerciales.

- **Seguridad para ti y los tuyos**
Te ofrecemos los mejores **seguros de vida y accidentes**, para que tanto tú, como tu familia y los que trabajan contigo dispongáis de todas las coberturas en caso de accidente, incapacidad temporal, invalidez o fallecimiento. Además, podrás acceder al mejor servicio y atención con nuestros **seguros de salud**.

- **Seguridad en tu actividad**
Con nuestra gama de seguros de **responsabilidad civil**, disfrutarás de la tranquilidad de tener asegurados a quienes trabajan contigo. Además, podrás cubrir posibles indemnizaciones y reclamaciones de terceros, defensa jurídica y accidentes.

**Consigue este smartphone o esta tablet**

Llévate una ***tablet* LG GPad 8.3** o un ***smartphone* LG Optimus L9 II**[10]: tendrás tu oficina *on line* siempre a mano y podrás conectar con tu gestor cuando lo necesites.

Condiciones para conseguir tu *tablet* o tu *smartphone*:
- Primera domiciliación del pago de la Seguridad Social de autónomos o mutualidad equivalente
- Ingresos profesionales mensuales superiores a 600 €
- 3 cargos de recibos al trimestre
- 3 compras con tarjeta en comercios al trimestre
- Permanencia de 12 meses

Si ya tienes los ingresos profesionales domiciliados, consulta en tu oficina formas alternativas de conseguir el *smartphone* o la *tablet*.



# 99 entrevistas en 100 Cernes



Grazas a eles o Cerne existe. Son a esencia de Asetem e de todo o que implica ese gran proxecto chamado Asociación de Empresarios da Terra de Melide. Os socios e socias ocuparon sempre un lugar relevante no xornal, como non podía ser doutro xeito, e asomaron ás súas páxinas a través da entrevista mensual dedicada a promocionar os negocios da vila. Recuperamos a xeito de homenaxe todas as que se levan feito nestes dez anos, cos seus respectivos protagonistas. Moitas máis quedan por vir. Agardamos que sigan sendo de utilidade.

## *No tren do patrimonio común*



José Valiño, socio de Asetem dende 2003 e membro da xunta directiva

*O ferrocarril non pasaba hai 25 anos por Melide, pero non por iso un grupo de emprendedores deixou de poñer en marcha unha locomotora do quefacer en común na Terra de Melide coa fundación de ASETEM, unha acción digna de agradecer vista a dimensión que foi collendo ao longo deste tempo.*

*Tempo de idas e vidas, altos e baixos, dimes e diretes, no que fomos construíndo un medio no que cada socio, a maiores da actividade particular de cada un na súa propia empresa, depositou confianza no traballo asociativo. Iso trouxo, entre outras, a satisfacción de ver un tecido empresarial con moita vida, dinamismo, iniciativa, e decisión de incidir en mudar o sentido das circunstancias contrarias ao benestar das xentes da comarca, como aconteceu co trazado da autovía, ou coas medidas contrarias ó desenvolvemento dos gandeiros, ou co escaso interese das corporacións locais polo traballo en equipo coa asociación en indubidable beneficio do desenvolvemento comarcal fronte a beneficios partidistas e particulares.*

*É salientable esa firmeza á hora de traballar en común, reflectida claramente en accións maioritarias entre os socios coma a Campaña de Nadal ou no apoio á supervivencia do Cerne, un dos moi escasos medios cos que conta a poboación para a difusión das accións ás que dá vida ASETEM, os seus socios e as xentes da bisbarra.*

*É salientable tamén ese traballo cada vez mais cualificado que fai que as nosas empresas sexan un bo reclamo fronte aos "monstros da distribución", un feito no que sen dúbida ten moito que ver a aposta pola formación e integración nun Centro Comercial Aberto.*

*En definitiva, a este "tren de cercanías" no que estamos subidos a maioría dos que aparecen nestas páxinas e algúns outros que iremos vendo no percorrido, tócalle seguir facendo unha viaxe na que consolidar proxectos e iniciativas que axuden a mellorar as nosas empresas e o patrimonio común. Unha viaxe que faga de ASETEM un centro de comunicacións e progreso de referencia por moitos anos máis.*



1. José Varela
Cooperativa Melisanto



2. Julio Villamor
Inmobiliaria Villamor



3. Manuel Varela
Muebles Paula e Traspome



4. Salvador Carreira
Lácteos Terra de Melide



5. Jesús Ferreiro
Motor Melide



6. Linda Míguez
The Academy



7. Eduardo Blanco
Hotel Carlos 96



8. Emilio Ares
Centro Comercial Ares



9. Manuel Martínez
Const. Martínez Cordido



10. Miguel Ángel López
Fuciños Rivas



11. J. Valiño / Marisol Pumar
Muxica Tenda Xoven



12. Luz María Abal
Óptica Abal




Colorín Colorado
tenda de roupa infantil

Ronda da Coruña, 10 - MELIDE
Tel: 881 978 560 E-mail: meritxells9@gmail.com







SabadellAtlántico SabadellHerrero SabadellSolbank SabadellGuipuzcoano SabadellCAM

Sabadell

Una cosa es decir que trabajamos en PRO de su negocio.
Otra es hacerlo:

# Cuenta
# Expansión Negocios PRO.

## Una cuenta que pone a su alcance financiación a la medida de su negocio.

**10%** de su cuota. Hasta un máximo de 100 euros anuales por cuenta, con la cuota domiciliada.

\+ **0** comisiones de administración y mantenimiento.

\+ **Gratis** la tarjeta de crédito y de débito por titular y autorizado.

\+ **TPV** en condiciones preferentes.

Y muchas más ventajas. No en vano, la **Cuenta Expansión Negocios PRO** es la cuenta pensada para que despachos profesionales, autónomos, comercios y pequeñas empresas se hagan grandes.

**Llámenos al 902 383 666, identifíquese como miembro de su colectivo, organicemos una reunión y empecemos a trabajar.**

Las excelentes condiciones y ventajas mencionadas de la Cuenta Expansión Negocios PRO se mantendrán mientras se cumplan los requisitos establecidos en el contrato. Actualmente, como mínimo se debe cumplir uno de los siguientes requisitos: un cargo en concepto de emisión de nómina, un cargo en concepto de seguros sociales, un cargo en concepto de impuestos o dos cargos en concepto de recibos. Estos requisitos son de cumplimiento mensual. Si al vencimiento no se cumplen estas condiciones, automáticamente la Cuenta Expansión Negocios PRO pasará a ser una cuenta relación.

bancosabadell.com

Abril de 2014
Condiciones revisables en función de la evolución del mercado. Serán de aplicación las que estén en vigor en el banco en el momento de la formalización.

Captura el código QR y conoce nuestra news 'Professional Informa'

El banco de las mejores empresas. Y el tuyo.

# TRINIDAD Cafetería

## NOVA XERENCIA



Cristina, Alberto e Magdalena

**Tfno.: 630 185 759**
**R/ Antón Fraguas, 3 - MELIDE (A Coruña)**





# O d'PEQUE

**Rúa Principal, 6 - MELIDE**
**Telf: 696 77 41 63**

# ERUOM viños

XAN GARC´A MONTERO, comercial
M vil:678 543 240

Pol gono Industrial do Tambre
V a Galileo,9
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.eruom.com

Tel. 981 519 999
Fax. 981 519 191
comercial@eruom.com

**D.O. Ca. Rioja**
Allende
Muga
Obalo
Arnegui
Azpilicueta
Rioja Bordón
Ramón Bilbao
Marqués de Terán
Marqués de Riscal

**D.O. Ribera del Duero**
Tarsus
PradoRey
Cruz de Alba
Condado de Oriza
Dominio de Atauta
Pago de los Capellanes

**D.O. Rueda**
Naia
Monteblanco

**D.O. Ribeiro**
Viña Costeira

**D.O. Vinos de Madrid**
Tagonius

**D.O. Somontano**
Pirineos

**D.O. Bierzo**
Dominio de Tares

**Vinos del mundo**
Argentina, Australia, Chile

**D.O. Navarra**
Castillo de Javier
Palacio de la Vega

**D.O. Bierzo**
Dominio de Tares

**D.O. Toro**
Fariña

**V.T. Castilla y León**
Dominio DosTares
Viñas del Cénit

**V.T. Castilla**
Mano a Mano & Venta La Ossa
Pago del Vicario

**D.O. Rías Baixas**
Nora
Lusco
Veigadares
Terra D´Ouro
Viña Sobreira
Mar de Frades
Señorío de Sobral

**D.O. Valdeorras**
Galgueira

**D.O. Ribeira Sacra**
Pincelo & 1985

**Champagne**
Perrier Jouët

**Aceite** ArteOliva
**Agua** Solán de Cabras

ILUSTRE COLEGIO DE ODONTÓLOGOS
Y ESTOMATÓLOGOS DE A CORUÑA
USC
Ana Marcos Cardo
Odontóloga
Ronda da Coruña, 31 - 1ºB
15800 - MELIDE (A Coruña)
Tlf.: 981 50 57 05

XOLDRA
CAFETERÍA - PIZZERÍA
Telf. 981 50 79 06
Avda de Lugo, 25
MELIDE (A Coruña)

JAVIER LÓPEZ LÓPEZ
ENXEÑEIRO TÉCNICO AGRÍCOLA - Colexiado 1049
peritosmelide.blogspot.com.es

- Medición de terreos
- Catastro
- Segregacións e agrupacións
- Imposto de sucesións
- Partición de herdanzas (partixas)
- Informes periciais e valoracións
- Proxectos agrícolas
- Fotos antigas do Catastro de Melide
- Concentración parcelaria
- Legalización de pozos, traídas de auga...

Tfno./ Fax: 981 50 54 82 - Móbil 639 82 00 24 - E-mail: peritosmelide@gmail.com
Rúa Xosé Ramón Fdz. Castro, 14 - 15.800 MELIDE (A Coruña)

IMPRENTA
Meligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

HOTEL BALNEARIO
RÍO PAMBRE
Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
E-mail: info@balneariopambre.com
Web: www.balneariopambre.com


9º aniversario
Pub Q+?
MELIDE
En cabina Dj GABY SHOCK
nueva imagen
nuevo sonido
VIERNES mayo 16
- Abrimos a las 11 de la noche con APERITIVOS, CÓCTELES y CHAMPÁN (Gratis).
MAR de FRADES
- Regalos personalizados.
- Lluvia de Cd´s. Azafatas. Go-go´s.
- Presentación de fotomolón donde podrás hacer tus fotos para llevar. (Gratis).
- Sorteo especial de:
1.000 €
- Sorteo especial de UNA TABLET
- Macrofiesta imagen Beefeater 24 con:
Máquina enfriadora de nitrógeno. Barman acrobático.
Degustación de cócteles y gin-tonics (Gratis).
KAS
Coca-Cola
BEEFEATER 24
Havana Club
RITUAL Cubano
Schweppes
SÁBADO mayo 17
- Fiesta imagen con: Regalos, azafatas, go-go´s, fotocool, cóctelero...
MARTIN MILLER´S GIN
&
43
Te invitamos a:
Alberto Buján, propietario.
Hace ya 9 años... seguimos con la misma ilusión del primer día para asi cada fin de semana ofrecerte horas de diversión. Agradecer a los incondicionales: clientes, amigos, etc... por todos estos años.
Gracias!!! Vamos a por el 10º!!!
Javi Rodriguez, Gaby Shock DJ.
Mezclar música es mi pasión...
que tú la bailes... mi satisfacción...
Mil Gracias!!!
Te invita a disfrutar de nuestro 9º aniversario, a partir de las 11 de la noche.
- Regalos, lluvia de cd´s.
- Aperitivos, cócteles, champán.
- Fotomatón “fotomolón”.
- Sorteo de 1.000 euros.
- Sorteo de una tablet...
Melide, a 16 de Mayo de 2014
Todo el equipo Q+:
GRACIAS POR ESTOS 9 AÑOS
9º aniversario